



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español			
Código	V01G230V01938			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego Outros			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Profesorado	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Correo-e	jhpr@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é ofrecer ao alumnado unha panorámica da tradución nos servizos culturais na opción de portugués-español. A ensinanza pretende ser unha introdución eficaz ás actividades propias deste sector especializado.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C12	Posuír unha ampla cultura
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C27	Capacidade de razoamento crítico
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D14	Motivación pola calidade
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinatoria portugués / español, e en xeral adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	A1 A2 A4	C1 C3 C4 C32	D4 D7
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	A2 A3 A4	C4 C12 C18 C22 C27 C33	D14 D23
Formarse en métodos, habilidades e técnicas de tradución que empreguen a creación discursiva como estratexia principal. Saber aplicar os métodos aprendidos a outras especialidades de tradución diferentes.	A2 A3 A4	C4 C18 C22 C27	D4 D23

Contidos

Tema	
1. A diversidade dos servizos culturais (SS.CC).	1.1 Definicións de SS.CC. 1.2. Tipoloxía dos SS.CC.
2. Turismo	2.1. A tradución de textos turísticos portugués-español. 2.2. Os diferentes eidos e presentación de textos.
3. Especificidades avanzadas.	3.1. O mercado de traballo. 3.2. Tipo de tarefas. 3.3. Ferramentas específicas.
4. A transferencia lingüística e cultural de carácter especializado dentro da diversidade do espazo lusófono.	4.1. O espazo portugués. 4.2. O espazo brasileiro.
5. A publicidade	5.1. Estratexias de comunicación relacionadas coa tradución para unha publicidade eficaz. 5.2. Imaxe e tradución nos medios audiovisuais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas	22	42	64
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	22	44	66

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación. Avaliación diagnóstica. Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia e co alumnado.
Resolución de problemas	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación docente presencial.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Resolución individualmente de exercicios, con orientación tutelada do docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levarán a cabo de maneira flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas aulas como en horario de titorías, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levarán a cabo de maneira flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas aulas como en horario de titorías, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.

Actividades introductorias	Actividades introductorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levarán a cabo de maneira flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas aulas como en horario de titorías, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
----------------------------	---

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Realización de actividades que reproducen as características do labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente en datas que serán comunicadas ao principio do curso polo profesor responsable da avaliación.	40	A1 A3	C4 C12 C22	D14 D23	
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Realización de dous traballos de tradución, de execución individual, que reproducen as características do labor profesional. O primeiro deles entregárase a mediados do cuadrimestre e o segundo, a finais.	60	A2 A4	C1 C3 C18 C27 C32 C33	D4 D7	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación: continua e única

AVALIACIÓN CONTINUA:

Na avaliación continua o estudante dispón da posibilidade de ir superando a materia por medio da avaliación de traballos e encargos realizados ao longo do curso. No caso de non entregar enas datas indicadas algún dos encargos correspondentes, ou en caso de detectarse plaxio ou copia nalgún dos traballos, o estudante perderá a oportunidade de realizar a avaliación continua. A avaliación da convocatoria de xullo dependerá dunha única tarefa de tradución que se desenvolverá de modo presencial na data indicada no calendario de exames da FFT.

AVALIACIÓN ÚNICA:

Na segunda modalidade de avaliación o estudante dispón da posibilidade de dar conta da materia por medio de unha única proba ou tarefa. Esta consistirá na realización dunha tarefa de tradución que haberá que entregar na data establecida no calendario de exames da FFT. A proba a ser realizada na convocatoria de xullo consistirá tamén nunha tarefa de tradución que se desenvolverá de modo presencial na data indicada no calendario de exames da FFT. En caso de ser detectada e comprobada a existencia de copia ou plaxio nalgún dos encargos, traballos ou probas, o alumno perderá a oportunidade de examinarse na convocatoria correspondente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciéncias de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editorial Verbo,

Heloísa Gonçalves Barbosa, **Procedimentos técnicos da tradução (Uma nova proposta)**, Campinas-São Paulo, Pontes Editores,

Suely Fernandes Bechara, **¡Ojo! con los falsos amigos. Dicionário de falsos cognatos em espanhol e português**, São Paulo, Editora Moderna,

Julio Casares, **Diccionario ideológico de la lengua española**, Madrid, Editorial Gredos,

Xosé Manuel Dasilva, **Babel ibérico. Antología de textos críticos sobre la literatura portuguesa traducida en España**, Vigo, Universidade de Vigo,

Xosé Manuel Dasilva, **Babel ibérico. Antología de textos críticos sobre a literatura española traducida em Portugal**, Vigo, Universidade de Vigo,

Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro, Editora Objetiva,

Real Academia Española, **Diccionario de la lengua española**, Barcelona, Espasa,

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,

Mauro Villar, **Dicionário Contrastivo Luso-Brasileiro**, Rio de Janeiro, Editora Guanabara,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108

Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208

Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español/V01G230V01513

Tradución idioma 2, III: Portugués-Español/V01G230V01616

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego/V01G230V01512

Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

Outros comentarios

Considérase básico cursar previamente con nota positiva todas as materias non optativas de Idioma II: Portugués e Tradución Idioma II: Portugués-Galego ou Portugués-Español.
